



Utilización de tabletas e dispositivos móviles na aula de Primaria

Grupo de traballo

**CEIP Plurinlingüe Vilar de Barrio
Curso 2013-2014**

Titulo

Utilización de tabletas e dispositivos móbiles na aula de Primaria.

Xustificación

O CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio é un colexio situado na área rural con pouco alumnado e profesorado pero, a pesares deses inconvenientes, a relación e a colaboración dos distintos integrantes da comunidade educativa é moi boa o que implica que poidamos realizar proxectos en común e levalos a bo fin.

O claustro de profesores do noso centro está altamente comprometido coa introdución das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe, tanto é así que a dinamización realizada abrangue un gran espectro de campos e tarefas: utilización da web dinámica do centro, creación e administración de cursos virtuais en Moodle, utilización do encerado Smartboard nas aula, creación e utilización de blogs de aula e profesor, informatización da biblioteca, traballo con e-books, xestión con XADE, aula Abalar...

A totalidade do profesorado participará no grupo de traballo sobre os dispositivos móbiles no ensino, punto importante que ven a destacar a implicación e o interese do profesorado por mellorar a súa formación.

O nivel formativo do profesorado en relación ás TIC é medio-alto, todos nós coñecemos e utilizamos o paquete ofimático, utilizamos o taboleiro dixital, manexamos con fluidez a rede como fonte de información, utilizamos software específico para elaborar materiais (LIM, HotPotatoes), traballamos co software Abalar e empregamos as ferramentas de Google.


Escollemos esta temática para o grupo de traballo porque somos conscientes de que a tecnoloxía avanza cada vez máis, cada mes aparecen novidades e os datos precisamente así o mostran. No 2009 vendéronse no mundo máis 1000 millóns de dispositivos móbiles; no 2010, 1600 millóns e, este ano, a venta de dispositivos móbiles superou á de ordenadores persoais. A mobilidade chegou para quedarse e formar parte das nosas vidas.

Como educadores non podemos esquecernos desta nova realidade, non debemos deixala de lado coma no seu momento se fixo co bolígrafo, a máquina de escribir, a calculadora, os vídeos... Países como Corea do Sur ou Finlandia xa incorporaron tabletas no seu sistema educativo e incluso Corea chegou a suprimir ao mesmo tempo os libros de texto. Expertos de varios países afirman que o Mobile learning (aprendizaxe en mobilidade) é un complemento fundamental para a educación, non so como substituto dos libros de texto, senón como ferramenta que nos ofrece a posibilidade de aprender, colaborar, compartir, conectar, explorar, investigar, relacionar, sociabilizar, ... en calquera momento ou en calquera lugar.

Grazas aos proxectos dos que forma parte o noso centro (Abalar, Proxecta, Contratos-Programa, Plurilingüismo, Bilingüismo, PLAMBE) e ao presuposto co que contamos puidemos adquirir dúas tabletas Samsung para as aulas, ademais xa tiñamos unha Sunset Wolder que pertence á biblioteca e tamén tres e-books enmarcados dentro no novo proxecto da Consellería sobre lectura dixital.

O feito de atoparnos con novos medios no centro abriu unha nova inxerencia no profesorado que se atopou coa necesidade de formarse no tema e buscar as mellores posibilidades para dinamizar as súas clases, isto provocou que todos acordásemos realizar un grupo de traballo sobre os dispositivos móbiles para dar resposta aos problemas que se nos presentan.

No que se refire ao resto da comunidade educativa, familias sobre todo, intentaremos implicarlas no proxecto, xa que a súa participación é un factor determinante para a concienciación do alumnado no uso adecuado e no uso didáctico dos dispositivos móbiles. Realizaremos tamén unha campaña informativa orientada as familias, explicando as principais vantaxes de usar tabletas ou e-books, analizando cómo se pode fomentar o uso didáctico destes medios, elaborando unha selección de aplicacións que poidan utilizar cos seus fillos e axudándolles a realizar unha correcta configuración adaptada a menores.



Obxectivos

- Coñecer as principais características técnicas das tabletas e dos dispositivos móbiles do centro.
- Establecer protocolos e normas de actuación no uso didáctico dos dispositivos móbiles.
- Organizar e planificar a metodoloxía de traballo co alumnado a través destes novos dispositivos.
- Coñecer o manexo básico de Android e utilizar as diversas aplicacións (apps) instaladas de fábrica.
- Utilizar Play Store para a busca de aplicacións móbiles.
- Buscar, catalogar e instalar aplicacións didácticas para as diferentes áreas.
- Planificar tarefas e actividades didácticas utilizando distintas aplicacións.
- Utilizar a aplicación App Inventor para crear unha aplicación adaptada as necesidades do profesorado.
- Reflexionar, indagar e explotar as vantaxes e posibilidades que ofrecen os seguintes dispositivos: GPS, sensores de movemento, recoñecemento de voz, códigos QR, realidade aumentada, multimedia.
- Coñecer o concepto de Realidade Aumentada para traballar co alumnado a través do uso das tabletas.
- Empregar os códigos QR para deseñar actividades educativas.
- Innovar de forma colaborativa para mellorar o rendemento do alumnado.

Programa de contidos e actividades coa súa temporalización

Contidos	Actividades	Temporalización
<ul style="list-style-type: none">• Concepto de Mobile Learning.• Tabletas e dispositivos móbiles: tipos e características.• Introducción ao sistema operativo Android.	<ul style="list-style-type: none">• Lectura da documentación existente sobre o tema.• Utilización da tableta e recoñecemento das funcións básicas.	Novembro 2013 (2 sesións)
<ul style="list-style-type: none">• Configuración do sistema Android.• Modificación da contorna.• Configuración da rede Wifi.	<ul style="list-style-type: none">• Manexo técnico das tabletas do centro e dos dispositivos móbiles existentes.• Traballo cos menús de configuración da tableta.• Modificacións das distintas opcións existentes.• Configuración do acceso a rede. Introducción das IPs e os códigos ID.	Decembro 2013 (2 sesións)
<ul style="list-style-type: none">• Elementos do sistema Android.• Aplicacións de usuario: navegador, edición de notas, calendario, ...• Problemas técnicos máis usuais e solución.	<ul style="list-style-type: none">• Realización de prácticas e actividades básicas cos distintos elementos e aplicacións.• Debate e posta en común de ideas.	Xaneiro 2014 (3 sesións)
<ul style="list-style-type: none">• A tableta na aula de Primaria.• Vantaxes e desvantaxes da utilización dos dispositivos móbiles nas aulas.	<ul style="list-style-type: none">• Análise das posibilidades dos dispositivos móbiles no traballo co alumnado.• Elaboración dun protocolo coas normas de utilización dos dispositivos móbiles tanto polo alumnado como polo profesorado.• Toma de decisións.	Xaneiro 2014 (1 sesión)

<ul style="list-style-type: none"> • Apps de uso xeral: audio, vídeo, imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Descarga e instalación de apps de uso xeral. • Traballo cos apps e familiarización cos menús e as súas posibilidades. • Elaboración dun documento colaborativo a través da aplicación Google Docs coas apps de uso xeral máis útiles e a súa función e posibilidades na aula. 	<p>Febreiro 2014 (2 sesións)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Apps de Android de uso educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Descarga e instalación de apps educativas. • Clasificación de apps por áreas e temáticas. • Traballo cos apps e familiarización cos menús e as súas posibilidades. 	<p>Febreiro 2014 (2 sesións) Marzo 2014 (3 sesións)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades didácticas con apps educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Busca de actividades didácticas levadas a cabo noutros centros. Posta en común das actividades atopadas. • Planificación dunha actividade didáctica cunha app educativa a escoller por cada profesor. • Creación dun banco de actividades a través da aplicación Google Docs. 	<p>Marzo 2014 (1 sesión) Abril 2014 (2 sesións)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • App Inventor: programación de pequenas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexo básico das opcións de App Inventor. • Elaboración colaborativa dunha pequena aplicación de centro con información para as familias e o profesorado. 	<p>Abril 2014 (2 sesións)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Os códigos QR e a Realidade aumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise de información sobre os códigos QR e a Realidade Aumentada. • Creación e utilización de códigos QR. • Deseño e planificación dunha actividade didáctica na que se empreguen os códigos QR. • Deseño dun proxecto sinxelo con Realidade Aumentada. 	<p>Mai 2014 (2 sesións)</p>

<ul style="list-style-type: none"> • GPS e recoñecemento de voz. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexo de aplicacións GPS para os dispositivos móbiles: Google Maps, Google Earth, FourSquare,... • Realización de probas de recoñecemento de voz. • Deseño dunha actividade na que se traballe unha das dúas opcións. 	<p>Maio 2014 (1 sesión)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Boas prácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Posta en común de boas prácticas atopadas na rede sobre o uso de dispositivos móbiles en Primaria. • Presentación e comentarios sobre as actividades deseñadas polo profesorado durante a duración do grupo de traballo. 	<p>Maio 2014 (1 sesión)</p>

Metodoloxía e procedementos de traballo previstos

A nosa metodoloxía terá como base o principio de actividade, é necesario o traballo de todos no grupo para que este funcione e a pesar de realizar algunhas das tarefas individualmente terá prioridade ante todo a colaboración e a cooperación na solución das tarefas e dos conflitos que poidan ter lugar.

A metodoloxía será eminentemente práctica, realizaranse algunhas sesións teóricas ao comezo para establecer os fundamentos e a base necesaria para poder traballar.

A planificación e a colaboración serán as bases para o noso traballo. Realizaranse periodicamente postas en común sobre os logros e problemas acadados ata ese momento, intentaremos buscar solucións como grupo, interesándonos polo traballo noutros centros e investigando as mellores maneiras de acadar os nosos obxectivos. Avaliaremos o noso traballo, modificando aqueles puntos que sexan necesarios para que o resultado final sexa máis efectivo e proveitoso.

Pretendemos que o noso aprendizaxe sexa significativo para logo poder aplicar os coñecementos adquiridos no proceso de ensino-aprendizaxe dunha maneira proveitosa e motivadora para o noso alumnado. Todo o material que elaboremos será pensando sempre no alumno, creando actividades nas que se poidan aprender de forma amena e divertida os contidos.

A discusión reflexiva será un elemento importante a ter en conta, avaliaremos os nosos progresos, analizaremos os contextos máis adecuados para traballar, e procuraremos ser orixinais e creativos xa que isto repercutirá logo no uso dos materiais que elaboremos. Non queremos que o traballo realizado sexa en vano, todo o contrario, queremos que sexa útil e que o poidamos compartir con outros centros e compañeiros.

Respectaranse os coñecementos previos e os ritmos de aprendizaxe de cada mestre axudándonos mutuamente, promoverase que os mestre con máis nivel en competencia dixital axuden a aqueles de menos nivel. O proxecto de formación adaptarase aos intereses persoais e profesionais dos mestres, non se quere obrigar a ninguén a facer algo que non lle guste ou co que non estea de acordo.

Os procedementos que se levarán a cabo para a realización do grupo son:

- Partiremos dunha avaliación inicial: que sabemos ou descoñecemos do tema, expectativas, dificultades, propostas...
- Documentación e formación: selección, estudo, posta en común e debate, intercambio de experiencias e coñecementos entre iguais, docencia a cargo de expertos, asesoramento por parte do Centro de Formación.
- Elaboración e experimentación de propostas/materiais, posta en común en gran grupo, consenso, conclusións.
- Posta en común dos procesos de experimentación.
- Mellora, se é pertinente das experiencias realizadas.

- Incorporación á práctica docente das melloras derivadas das experiencias levadas á cabo.
- Difusión á comunidade educativa, se é o caso, dos materiais elaborados.
- Avaliación dos resultados obtidos a raíz do proxecto de formación.

Organización de recursos humanos e materiais.

A coordinadora do grupo de traballo será María Isabel Blanco Pumar, será a encargada de elaborar o proxecto e a memoria final e realizar o seguimento das sesións realizadas. Tamén actuará de mediadora entre o asesor correspondente, solventará aquelas dúbidas que poidan xurdir ao longo do curso e velará pola consecución dos obxectivos marcados.

O asesor do Centro de Formación e Recursos ao que pertencemos actuará de guía e apoio cando así o precisemos e facilitaranos a concreción das docencias e o orzamento.

O plan anual de formación do profesorado para o curso 2013-2014 establece a posibilidade de concretar un máximo dun 20% de docencia directa dentro da modalidade xeral de grupos de traballo. No noso caso, solicitaremos a porcentaxe total, é dicir, o 20% das horas. O asesor será o encargado de aconsellarnos en canto aos docentes expertos na temática, o experto estará a cargo de tres sesións e será o guía que nos oriente no traballo cos distintos dispositivos móbiles.

O profesorado do centro será o principal destinatario da formación e, por tanto, o recurso humano máis importante pois neles recae o traballo e a consecución dos obxectivos propostos.

O traballo por parte dos integrantes será realizado en pequeno grupo (2, 3 persoas) e en gran grupo (con tódolos integrantes), unha pequena parte das horas será traballo individual de lectura de información e busca na rede.

Tódalas sesións que se van a realizar teñen lugar no centro de traballo, é dicir, no colexio de Vilar de Barrio.

En canto os recursos utilizados, son de carácter variado:

- Tablets Samsung (o centro dispón de dúas).
- E-books Sony (o centro conta con tres).
- Teléfonos móbiles persoais de cada profesor.
- Rede Wifi do centro.
- Fotocopias.
- ...

Estes recursos estarán a disposición de tódolos integrantes do grupo, deberán ser compartidos e utilizados por cada un de nós de forma autónoma e racional.

Crterios e procesos para a avaliación

Calquera proceso formativo necesita ter coñecemento de onde parte, como se desenvolve e a onde chega. Por ese motivo se sinalan os diferentes momentos da avaliación que se realizará tendo en conta os criterios citados a continuación, segundo o momento.

AVALIACIÓN INICIAL: trátase de revisar o proxecto elaborado e de coñecer a bagaxe coa que o grupo acomete o traballo, as súas necesidades. Realízase entre o grupo e a asesoría, co apoio de instrumentos de procedencia externa e interna como cuestionarios e/ou outros instrumentos que o grupo e a asesoría, se é o caso, acorden: cuestionario de avaliación inicial, reflexión colectiva, diálogo...

AVALIACIÓN PROCESUAL: pretende ir tendo coñecemento do desenvolvemento do proxecto, as necesidades de formación que xurdan, as posibles modificacións do inicialmente previsto, a satisfacción do grupo, a consecución de obxectivos...

Realízase a través de procedementos e instrumentos consensuais, e polo tanto coñecidos e tendo en conta os aspectos contemplados no informe de progreso que o asesor debe facer para a Comisión de Selección. A presenza da persoa asesora concretarase ó longo do desenvolvemento do proxecto.

AVALIACIÓN FINAL: ó remate do proceso realízase unha avaliación sumativa que nos permita extraer conclusións sobre o traballo elaborado.

O proceso de avaliación terá como criterios guía, entre outros, os seguintes:

- Grao de adecuación da organización dos recursos humanos e materiais.
- Grao de adecuación da metodoloxía seguida
- Grao de participación e colaboración no traballo de grupo.
- Grao de satisfacción persoal e grupal polo desenvolvemento do traballo.
- Adecuación e relevancia da docencia recibida.
- Grao de implicación e compromiso no desenvolvemento do traballo.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de apoio e colaboración por parte da asesoría e do CEFORE.
- Avaliación da incidencia do proxecto na actividade docente, da colaboración entre os membros do equipo, dificultades e atrancos que xurdiron.
- Propostas de mellora que serán tidas en consideración no futuro.

Consideraranse os procedementos e instrumentos seguintes:

- A observación.
- “Cuestionarios” preparados para o efecto
- diálogo e a reflexión.
- Opinión de persoas recoñecidas na temática.

Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto

O proxecto de formación terá unha duración de 50 horas repartidas entre os meses de novembro de 2013 e maio 2014. Realizaranse 25 sesións de dúas horas cada unha, unha sesión semanal.

As sesións terán lugar os xoves no centro de 17:30 a 19:30 fóra do horario lectivo e das actividades programadas polo centro. De forma excepcional e sempre que as circunstancias así o esixan poderán realizarse as sesións noutro día da semana, nese caso informarase previamente o asesor e o CFR pertinente do cambio.

Necesidades orzamentarias

O orzamento previsto para un apropiado funcionamento deste grupo de traballo desagrégase da seguinte maneira:

- Docencia (20%) : 500 euros (10 horas)
- Material funxible e bibliografía: 400 euros
- Desprazamentos: 100 euros

A xestión económica (pagamentos, expedientes) correrá a cargo da persoa asesora do CFR asignada a cada proxecto.

Achegas económicas

Eu, María Isabel Blanco, como coordinadora deste grupo de traballo dou fe de que non foi recibida ningunha achega económica nin tampouco solicitada.

En Vilar de Barrio, a 30 de outubro de 2013.

A coordinadora,

Asdo: María Isabel Blanco Pumar